

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZASETE.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Valdoviño, o día vinte de xaneiro de dous mil dezasete, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación para celebrar a sesión ordinaria de carácter mensual, que corresponde neste día.

Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten todos os concelleiros e concelleiras: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Jessica Sabín Fernández (que se incorpora no debate do 3º punto da Orde do Día), don Alejandro Antonio García Sousa do PSdeG-PSOE; don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona María Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luis Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL); don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos Por Valdoviño (U POR V).

Actúa coma secretaria a titular do Concello, dona Carlota M. González Navarro, asistindo tamén a interventora do concello, dona Gema Leal Insua.

O Alcade, sendo a hora sinalada apertura a sesión e entrase a tratar os asuntos contidos na Orde do Día da convocatoria, adoptándose os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 16.12.16.-

Pola Presidencia solicítase dos Sres/as concelleiros/as se desexan formular algunha observación ao borrador da acta proposta para a aprobación (16.12.16), e sen que se formule ningunha o precitado borrador quedou aprobado pola Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes.

Non votou a concelleira Sra. Sabín Fernández, non incorporada aínda á sesión neste intre da votación.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2/2017, MC. SC-CE (SUPLEMENTO DE CRÉDITO- CRÉDITO EXTRAORDINARIO.-

/Proposta de Alcaldía, que recibiu o informe favorable da comisión informativa de Planificación territorial e xestión administrativa en data 17.01.17/:

“ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO-CRÉDITO EXTRAORDINARIO: NÚM. 2/2017 MC SC-CE FINANCIADO CON BAIXAS DE CRÉDITO NOUTRAS APLICACIÓN S.

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito-crédito extraordinario co núm de expediente 2/2017 MC SC-CE.

- Aprobación do suplemento-dotación de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 206.600 €.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE A DOTAR
231 130 00	Persoal Laboral fixo de Servizos Sociais	5.700 €
231 131 00	Persoal laboral temporal de Servizos Sociais	12.900 €
231 160 02	Seguridade social persoal laboral temporal de servizos sociais	7.000 €
231 227 99	Traballos prestados por outras empresas en materia de servizos sociais	181.000 €
TOTAL		206.600 €

- Financiamento procedente de baixas de crédito noutras aplicacións orzamentarias

Da aplicación 011 912 00	25.000 €
--------------------------	----------

Da aplicación 165 221 00	80.000 €
Da aplicación 453 210 00	50.000 €
Da aplicación 920 226 04	51.600 €
Total	206.600 €

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal.

Valdoviño, 12 de xaneiro de 2016
O Alcalde
Alberto González Fernández”

DEBATE

Explica o Sr. Alcalde que a proposta ven motivada pola necesidade de implementar crédito nas partidas dos servizos sociais retirando créditos de ámbitos distintos a esta área, e ao obxecto de poder manter estes servizos con contratación dunha Traballadora Social e dunha Educadora Social; segundo se informou na comisión.

Non hai intervencións dos voceiros dos grupos municipais e o Sr. Alcalde anuncia que se vai proceder á votación.

O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por maioría, aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito 2/2017, MC. S.C-CE.

Votou a favor o grupo do PSOE, o concelleiro de CENVAL, o concelleiro de U POR V e o concelleiro do BNG. (A concelleira do grupo de goberno, Sra. Sabín Fernández non votou por non estar incorporada á sesión neste intre da votación).

Abstívose o grupo do Partido Popular.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE SANEAMENTO EN ZONAS LIMITROFES.-

“Alberte Ameneiros Serantes, voceiro do Grupo Municipal do BNG no concello de Valdoviño, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa discusión e aprobación, se procede, polo Pleno do Concello de Valdoviño a seguinte

Moción sobre saneamento en zonas limítrofes

O impulso ao saneamento debe ser unha das prioridades das administración que teñen competencias neste servizo de primeira necesidade. Nos últimos tempos, téñense dado pasos importantes na extensión da rede abastecemento e saneamento das áreas periurbanas dos diferentes concellos, incluído Valdoviño, mais non é menos certo que nalgúns casos o ritmo co que se están a acometer non é todo o intenso que debera.

O desenvolvemento da rede de saneamento agocha certa complexidade, principalmente técnica, motivada sobre todo por fortes condicionantes como a propia orografía. Así, os proxectos para dotar deste servizo básico diferentes puntos dos concellos, sobre todo en zonas limítrofes, terán que ter en conta esta circunstancia. Na maioría dos casos, e atendendo á dispersión da poboación propia do noso país, trátase de proxectos que non se executaron ou executan íntegramente nun mesmo termo municipal, co que foi- e é- preciso a colaboración institucional para poder levarlos a cabo.

A este respecto, e alén do esforzo das administracións locais, cremos crucial a implicación da Xunta, a través do ente Augas de Galiza. Recentemente, este mesmo organismo publicou os convenios asinados cos diferentes concellos galegos entre xuño e agosto de 2016 para a execución de proxectos de saneamento e dos que ficaron excluídos tanto Valdoviño como os municipios limítrofes de Neda, San Sadurniño e Narón. Os criterios cos que se levou adiante a repartición destes fondos non foron tampouco excesivamente transparentes.

A nosa proposta parte da base de que a implicación do ente público Augas de Galiza co saneamento dos concellos galegos ten que continuar, mais cun procedemento máis obxectivo. Así, Augas de Galiza ten que achegar o financiamento preciso para rematar os proxectos iniciados e encetar aqueloutros que aínda non están en marcha, mais para iso ten que elaborar un novo baremo que, en primeiro lugar, “compense” aos Concellos que, polos motivos anteriormente citados, non se beneficiaron deses fondos e, posteriormente, pór en marcha un sistema de repartición dos cartos que se sustente nes mesmos criterios de transparencia e obxectividade.

A ese respecto, e co fin de contribuír na posíbel solución dos problemas e das diferenzas, consideramos que xa existen modelos axeitados para avanzar na ecuanimidade –o caso máis recente do Plan Único da Deputación da Coruña pode ser un

deles-, establecendo un baremo que teña en conta variábeis como a superficie e a dispersión dos núcleos da poboación.

Por todo iso, o Pleno da Corporación Municipal de Valdoviño

ACORDA

1.- Instar ao organismo público Augas de Galiza a elaborar un Plan de Actuacións que fixe uns criterios obxectivos para a reparación futura de fondos destinados ao saneamento das zonas rurais e limítrofes, e que inclúa tamén o criterio de compensación das actuacións aprobadas nos últimos meses.

2.- Instar ao goberno do Concello de Valdoviño a promover unha xuntanza cos Concellos afectados – no noso caso, con San Sadurniño e Narón- para abordar as necesidades de saneamento nas zonas limítrofes e elaborar un informe para o seu posterior traslado ao organismo público Augas de Galiza.

Asdo. Alberte Ameneiros Serantes. BNG de Valdoviño, Valdoviño, 16 de xaneiro de 2017.”

DEBATE

O voceiro do BNG defende a moción dicindo que se presenta a mesma tamén noutros concellos, tendo coma fin que os concellos limítrofes sexan capaces de dar un mellor servizo de saneamento con implicación do organismo Augas de Galicia.

Sería importante ter xuntanza con concellos con fronteiras con Valdoviño e buscar solucións efectivas. Por exemplo na zona da Carreira, onde unha parte pode verquer cara Narón.

Os concelleiros dos grupos CENVAL e U POR V, califican a moción de interesante e importante a adiantan o seu voto a favor da súa aprobación.

O voceiro do PP, Sr. Vigo adianta o sentido do voto do seu grupo: abstención, aínda que indica lles parece ben a moción, pero que él trouxera tamén a sesión do Pleno unha moción para facer un proxecto global para Valdoviño, falando cos concellos limítrofes e con Augas de Galicia; moción que se lles rexeitou.

Sr. Ameneiros.- É ben que os organismos axuden aos concellos, pero deberían ter criterios obxectivos (porque ás veces fan convenios cos concellos que non son moi xustos).

Sr. Vigo.- Entendo que primeiro é calcular un custo aproximado, e ver sistemas a empregar como o de succión no canto de bombeo en determinadas zonas.

Sr. Ameneiros.- O que pidimos en principio e que se implique Augas de Galicia e os concellos, facer reunións das que saíran conclusións para poder elaborar os proxectos.

Sra. García López.- O meu grupo esá a favor desta moción, e de feito, xa se ten falado disto con Narón e con Cedeira.

Sr. Alcalde.- Entendo algo diferentes as mocións do BNG e PP, pero é verdade que son complementarias.

/Fai a súa incorporación á sesión á Sra. Sabin Fernández, sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos/.

Sr. Alcalde.- Para facer un proxecto global hai que saber primeiro o que se pode ou non facer cos veciños e con outros concellos. Temos posibilidade de colaborar con Narón para o caso da Carreira e sería fácil colaborar con Cedeira para a zona de Porto do Cabo.

Os cartos que se dicían para saneamento en Montefaro non aparecen na Xunta.

Sr. García Alonso.- Nós (PP) propuxemos un proxecto global, onde se contemplaría todo o conxunto de Valdoviño.

Sr. Alcalde.- O saneamento e o abastecemento é o problema principal de Valdoviño. Despois da auditoria, coa que estamos, poderemos abordar un proxecto maior.

O PSOE galego leva incorporando emendas aos orzamentos da Xunta, dende anos, emendas que non se lle contemplan.

Xa había un proxecto global feito por “Proyfe”, ¿non?

Sr. Rodríguez Fernández .- Si, e fixerase durante o meu mandato, creo que polo ano 2002.

Sometida a votación a moción do BNG transcrita, queda aprobada en votación ordinaria e por maioría.

Votos a favor dos grupos: BNG, PSOE, CENVAL e U POR V.

Abstención do grupo PP.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.- DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DA ALCALDÍA. (DO 12.12.16 AO 13.01.17).-

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/86 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, ditadas entre os días 12/12/16 e 13/01/17, ambas as dúas inclusive, e que comprenden os decretos do núm. 525/16 ao 547/16 e do 1/17 ao 8/17.

Os/as concelleiros/as teñense por informados.

5º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME XUSTIFICATIVO, REQUERIDO POLA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SÉTIMA DA LEI 27/2013 DE 27 DE DECEMBRO DE RACIONALIZACIÓN E SUSTENTABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.-

“INFORME XUSTIFICATIVO DE MANTER DURANTE O ANO 2016 A PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CONCELLO DESEMPEÑANDO AS FUNCIÓNS DE TESOUREIRÍA , POSPOÑENDO A ADOPCIÓN DO ACORDO DE RESERVA DE DITO POSTO A FUNCIONARIO DE HABILITACIÓN ESTATAL DURANTE O PERÍODO DADO DE PRÓRROGA (31/12/2016)

De acordo co disposto na disposición transitoria sétima da Lei 27/13, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, “até o 31 de decembro de 2016, salvo prórroga pola correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado, excepcionalmente,cando nas Corporacións Locais cuxa poboación sexa inferior a 20.000 habitantes e quede acreditado mediante informe ao Pleno a imposibilidade de que as funcións de tesouraría e recadación sexan desempeñadas por un funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, xa sexa con carácter definitivo, provisional, acumulación ou agrupación,ditas funcións poderán ser exercidas por funcionarios de carreira da Deputación Provincial ou entidades equivalentes, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, ou cando quede acreditado que isto non resulta posible, por funcionarios de carreira que presten servizos na Corporación Local. En ambos os casos, deberán ser funcionarios de carreira e actuarán baixo a coordinación de funcionarios do grupo A1 das Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes”.

Neste concello durante o exercicio 2016, dada a imposibilidade de que funcionarios de carreira da Deputación Provincial exerceran as ditas funcións e tendo en conta que a xestión tributaria e recadatoria dos impostos municipais e taxa de recollida de lixo están delegados no organismo provincial, así como a recadación en executiva, considerouse adecuado que o desempeño das ditas funcións seguisen sendo desenvoltas pola funcionaria do concello do subgrupo C1, dona Rosario García Villar con DNI 32.630.442-C, que viña exercendo as ditas funcións dende tempo atrás e que demostrara ao longo deste tempo a capacidade para o desenvolvemento das mesmas de xeito meritório.

Dadas as dificultades económicas polas que ten atrevesado o concello durante os últimos anos que derivaron na necesidade de declarar non dispoñibles créditos para dar cumprimento a un plan económico-financeiro aprobado no exercicio 2015, cun horizonte temporal de dous anos e aos efectos de tamén dar cumprimento ao establecido no artigo 193 do TRLFL (toda vez o remanente de tesoureiría para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento do ano 2015 resultou negativo) resultaba imposible soste o posto mencionado sen agruparnos con outros concellos para o seu sostemento.

Detectado pola Interventora municipal actual, a omisión da formalidade requerida na disposición transitoria antes referida, aos efectos de subsanar a carencia da mesma, procédese a dar conta do informe xustificativo agora.

En Valdoviño a 2 de xaneiro de 2017.

O Alcalde

Asdo; Alberto González Fernández”

Dáse conta do informe de Alcaldía literalmente transcrito, de data 2 de xaneiro de 2017, explicando o Sr. Alcalde, que a Lei obriga a ter persoal de Habilitación Nacional nos concellos nos postos de tesourería. A FEGAMP e a FEMP están con este asunto tamén. Que nós aquí de momento prorrogamos o desempeño desta pola funcionaria do concello do subgrupo C1 que ven o ven desenvolvendo, pero temos e imos iniciar o proceso de falar con concellos veciños para contar con Habilitado Nacional na Tesourería municipal.

Toman razón os/as concelleiros/as que conforman a Corporación.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Informa o SR. ALCALDE de que o grupo de goberno está intentando rematar procesos abertos traendo a colación as contratacións pendentes, das que di estar pendentes do traballo dos técnicos do concello. Menciona os asuntos do camping municipal cuio anteproxecto ten o visto favorable do técnico pero falta o informe; o PAI, cuia tramitación está en proceso; as axudas do GAL do que está feita a documentación referente ao 2016 e afirma se continuará co proxecto no futuro; o local sociocomunitario para o que convocará Xunta de voceiros.

Considera relevante a carencia de espazos para as diversas actividades a desenvolver e neste senso informa de que mantivo reunión coa Federación española de salvamento e surf, para conquistar espazos naturais.

Asi mesmo intentarán estar pendentes de diversas axudas que están a saír, como a de fondo de Compensación Ambiental.

Remata indicando que se comezou a execución de obras na Casa de Cultura e que no polideportivo remataronse as obras.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO BNG.- SR. AMENEIROS SERANTES.-
(.-) .O voceiro do BNG formula as seguintes cuestións orais:

.- En relación ao asunto do Porto do Cabo interesalle saber cando comezarán a funcionar as bombas.

Sr. Alcalde.- Comunicouse que hai corrente para poñer as bombas e anunciaraselle a Augas de Galicia a autorización para verquido.

Sr. Ameneiros.- Sí, porque efectivamente, outorgana cando se comeza a verquer para facer comprobacións dos límites e outras precisións.

.- Reclama planificación respecto ao camping municipal e tramitación dos expedientes administrativos que correspondan; evitando incidentes de última hora; petición que fai extensible para o socorrismo nas praias e outras contratacións.

Sr. Alcalde.- Reitera que o anteproxecto do camping está considerado polo técnico favorable, que soio falta que evacúe o informe.

Sr. García Alonso.- ¿O proxecto faino o concello ou o adxudicatario?

Responde o Sr. Alcalde que o proxecto definitivo o fai o adxudicatario, aspecto que desaproba o Sr. Esteban García porque considera que isto alarga o proceso.

.- O Sr. Ameneiros reseña a importancia de contemplar para os orzamentos e ordenanzas que correspondan bonificacións dos impostos municipais para contribuintes con baixos recursos.

.- Solicita reunión de voceiros para tratar sobre o Plan de Urbanismo, non tanto para abordar cuestións técnicas, senón para ter claro, que queremos para Valdoviño (tema das alturas das edificacións, expansións, creación de parque....).

Sr. Alcalde.- Dende un principio expresamoslle á empresa do Plan redator, criterios a variar, como rebaixar as alturas, ir a unha ordenación aberta e non pechada... e sen contradecirse, senón con adaptación aos cambios normativos, á Lei.

.- Para rematar o Sr. Ameneiros traslada a interese da Asociación animalista polo asunto de imposición ou non de sanción ao circo que se instalara en Valdoviño.

Sr. Alcalde.- Segundo me comenta a Secretaria municipal, non está incoada sanción.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL DE UNIDOS POR VALDOVIÑO.- SR. BACORELLE ROBLES.- (-)

O voceiro de U POR V formula as seguintes cuestións verbais:

.- Pregunta para cando se contará coa herba artificial para o campo de fútbol.

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Imos elaborar o proxecto para pedir axudas. É unha das nosas prioridades.

O Sr. Alcalde matiza que o que había era unha memoria, non proxecto.

No ámbito das axudas sinala o Sr. Alcalde que se fará unha Xunta de voceiros para falar do POS e PAS da Deputación; porque se contempla Plan complementario para accións con carácter sostible e aproveitamento de baixas coma no POS 2016; que este concello ten que aproveitar.

.- O Sr. Bacorelle expón a reflexión de que persoalmente (aínda que o seu grupo non represente unha oposición maioritaria) rechínalle o estar oíndo con continuidade nas sesións plenarias que os asuntos pendentes non saen porque están pendentes dos traballadores, cando na anterior mandato, o grupo de goberno de agora criticaba que as cousas non saísen.

Sr. Alcalde.- Non estou criticando aos traballadores.

Sr. Bacorelle.- Soio manteño que habería o mesmo traballo antes que agora.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL DE CENTRISTAS DE VALDOVIÑO.- SR. BECEIRO RODRIGUEZ.-

O voceiro de CENVAL formula as seguintes cuestións verbais:

.- Critica que se informe aos concelleiros nas sesións plenarias, cando se pediu a realización de comisións informativas por parte dos grupos da oposición e o Sr. Alcalde, conformou que se convocarían e cando por encima sen convócalas, despois nos pide colaboración.

Sr. Alcalde.- Convocanse cando hai asuntos para informar.

Sr. Beceiro.- Pero pode celebrarse xunta de voceiros...,etc, como pediu o voceiro do BNG tamén.

.- ¿Está resolto o problema da seguridade viaria en Aviño?

Sr. Vega Fernández.- Deuse aviso.

.- No caso de actuación nas cunetas no lugar de San Miguel, di que non se trata de volver a cortar a herba, senón que interesa limpalas de terra, do contrario dexenera en atascamentos; polo que insta se requira a asunción desta tarefa á Deputación Provincial.

.-Pregunta polos informes acreditativos dos estados das pistas e si foron reparadas polas empresas adxudicatarias das obras.

Sr. Alcalde.- Chegaron algúns e hai facturas doutras obras que non se pagaron.

Sr. Beceiro.- ¿Quen emite os informes? ¿O director da obra?

Sr. Alcalde.- Sí, o problema é que algunhas obras menores non tiveron dirección de obra ou non se recepcionaron.

.- Interesase pola concentración parcelaria; sostendo que deben deixar amañado todo debidamente antes da entrega das fincas.

Sr. Alcalde.- Depende da Xunta, en teoría veñen traballando dende o Val cara á Valdoviño. Os veciños teñen a posesión das terras, pero non os títulos. Afirmación que comparte o Sr. Rodríguez Fernández.

.- Pregunta polo tema de biomasa da estación de radio.

Sr. Alcalde. – Está suscrito un convenio co Ministerio de Defensa e empresa Tragsa para limpeza da zona por unha empresa do concello das Pontes.

Dende o concello, solicitamos a limpeza na zona de Montefaro.

.- Interesase o Sr. Beceiro polos cursos de formación que se prevén realizar.

Sra. García López.- Continúa o curso da ESO, de alfabetización, tamén curso de informática que se imparte no Centro de maiores. Contamos que en xaneiro se poida impartir o de envellecemento activo e temos en mente algún outro como o de monitor de tempo libre.

.- ¿Estamos a cumprir o Plan de Estabilidade?

Sra. Interventora.- Estimo que se vai cumprir, pero para ter datos concretos ten que estar acabada a contabilización do 2016. O que máis vai entorpecer vai ser a debida de gasto, primeiro hai que ir ao gasto obrigatorio.

Sr. Alcalde.- O grupo de goberno non quere deixar de facer cousas, pero sen saltarse os límites.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- SR. VIGO LAGO.- (-)

O voceiro do PP formula as seguintes cuestións verbais:

.- Situación na que se atopa o deslinde co concello de San Sadurniño.

Sr. Alcalde.- Estamos pendentes de falar con ese concello.

Sr. García Alonso.- ¿E o deslinde con Moeche?

Sr. Alcalde. –Tamén o abordaremos.

Sra. Sabín Fdez.- Un problema existente é o da caseta de Coto Agudo.

Sr. Vigo e Sr. Rodríguez Fdez.- Esa caseta está ubicada no término de Valdoviño.

Sr. Alcalde.- Tamén está tramitado expediente para o deslinde con Narón.

Sr. Vigo Lago.- O problema xurdiu co Instituto Xeográfico, pero este problema é en realidade un trámite de carácter administrativo.

.- ¿Cómo se está levando o mantemento do alumado, en referencia á contratación? Supoño que haberá informe de intervención.

Sr. Alcalde.- Estase facendo o mantemento atendendo as necesidades que xurden.

.- Traslado queixas respecto á tardanza na emisión dos informes de cualificación urbanística, que me comunicaron interesados que instaron este tipo de informes.

Sr. Alcalde.- Certo. Estiveron parados ao xurdir un problema de interpretación, pero agora están facendose.

.-¿ A oficina de “Viaqua” tributa algo ao concello?

Sr. Alcalde.- Estamos auditando todo o sistema no referente a esta empresa.

.- ¿En qué paso se está coa débeda de “Covacano”?

Sr. Alcalde.- Iso o leva a Deputación, a quen se lle fixo comunicación para lembrarlle o asunto fai menos dun mes.

.- O Sr. Vigo Lago interesase polo contido de escritos de rexistro de entrada, un deles procedente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no que se alude a un informe urbanístico (Entrada nº 4099 de 19.12.16) e outro no que se fai referencia a liquidación da mellora do saneamento da Mancomunidade (Entrada núm. 4021 de 12.12.16).

O Sr. Alcalde, respecto a este último escrito opina que pode referirse ao saneamento da pranta de Mouga. Pero que en todo caso se comprobaran ámbolos dous escritos aludidos.

.- Igualmente o Sr. Vigo Lago, menciona escrito de denuncia de varias persoas en canto a instalación da nova rotonda na estrada da praia. (núm. entrada 4056 e outros).

Responde o Sr. Alcalde que esta actuación corresponde á Deputación Provincial; quen modificou a implantación dalgunhas sinais se ben é certo que se precisan mais melloras.

Sr. Rodríguez Fernández.- En relación ao importe da axuda do GAL le o contido da acta da sesión plenaria anterior, afirmándolle o Sr. Alcalde que é esa cantidade, preto de 150.000 euros.

.- O Sr. Vigo reitera a importancia de darlle carácter urxente ao desenvolvemento dos temas de planeamento e do camping.

E non tendo máis asuntos que tratar que os comprendidos na Orde do Día, dáse por rematada a sesión cando son as vinte e dúas horas do día sinalado. Do que eu, Secretaria, CERTIFICO.

A Secretaria,

O Alcalde,